

A Universidade de Vigo invítalles a participar na

XORNADA DE ORIENTACIÓN PREUNIVERSITARIA

organizada pola Sección de Información,
Orientación e Promoción do Estudiante (SIOPE)

LUGAR: Pavillón de Deportes Campus de Vigo
(Lagoas-Marcosende)

DATA: 15 de marzo de 2013

HORARIO: de 10 a 17.30 horas

A Universidade de Vigo, no marco do seu programa de actividades dirixidas a Centros de Ensino Secundario e de Formación Profesional, organiza esta Xornada co fin de mostrar a oferta académica da universidade e facer fincapé nas cuestións que resultan de maior interese para os futuros universitarios: procesos de acceso, admisión, matrícula...

Para participar, só é necesario **comunicalo no departamento de orientación antes do 8 de marzo,**

Esperámosvos!

PROGRAMA DO EVENTO

PARTE ORIENTATIVA

10:13:30 MESAS INFORMATIVAS DOS DISTINTOS CENTROS E SERVIZOS DA UVIGO, DE INTERESE PARA O FUTURO ALUMNO

- ✓ MESA INFORMATIVA SIOPE: Información xeral sobre acceso, bolsas...
- ✓ MESA INFORMATIVA DA ÁREA DE DEPORTES
- ✓ MESAS INFORMATIVAS SOBRE A OFERTA DA UVIGO: (consultar anexo “Centros que confirmaron a súa asistencia”)

13:30-15:00 DESCANSO PARA COMER

15:00-17:30 MESAS INFORMATIVAS

ACTIVIDADES

- ✓ VISITAS AOS CENTROS DO CAMPUS DE VIGO.

O lugar de saída será a porta de acceso ao pavillón, quince minutos antes do horario previsto para o inicio da visita. Opcións:

- 11:00
- 12:30
- 16:00

Para cada un dos horarios citados, os alumnos interesados elixirán un dos centros do campus, como se indica no formulario de solicitude. A organización, en función do número de solicitudes recibidas poderá limitar o número de inscricións se se sobrepasa un tope. Neste caso, se avisaría por mail ao instituto/s afectado/s coa debida antelación. O mesmo alumno pode apuntarse a máis dunha visita, elixindo así un centro distinto para cada unha das horas.